



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

## BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

### - CASA CONSISTORIAL, XOVES 22 DE FEBREIRO DE 2018 -

No día de hoxe, ás 13:36 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

#### **PRESIDE:**

MARIA JESUS NOVO GOMEZ

#### **ASISTEN:**

PP

LUIS RICO VERA

ELISARDO MONTERO CASTRO

Non Adscrito

JOSE BALADO CASAL

#### **AUSENCIAS:**

#### **SECRETARIA / INTERVENTORA:**

REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

### **ORDE DO DÍA**

#### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 28/12/2017 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

#### **2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO**

##### **2.1.- CERTIFICADO DO SERVIZO DE DEPENDENCIA E AUTONOMÍA PERSOAL DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL SOBRE NÓMINA SAF MUNICIPAL.**

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado do Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal da Consellería de Política Social, con rexistro de entrada neste concello co número 183 en data 26/01/2018, no que se envía o certificado das cantidades que se liquidarán ó Concello pola prestación do servizo de axuda no fogar (dependencia) do 4º trimestre de 2017:

Outubro: 9.839,94 €

Novembro: 9.953,90 €

Decembro: 10.021,80 €

Regularizacións do/s período/s 01/07/2017-30/09/2017: -10,57 €.

Total nómina neta 4º trimestre: 29.805,07 €

Regularizacións outras incidencias:

- Proxecto anual de S.S. (total a descontar: 361,32 €): -361,32 € (100.00%)

Total devengado: 29.443,75 €

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

##### **2.2.- RESOLUCIÓN DE ASIGNACIÓN DE TRANSFERENCIAS FINALISTAS CORRENTES**



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

## DITADAS AO ABEIRO DO DECRETO 99/2012, DO 16 DE MARZO

Pola secretaria dáse conta do escrito da Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social, con rexistro de entrada no concello co número 181 en data 26/01/2018, dando traslado da resolución de asignación das transferencias finalistas correntes para os conceptos e polas cuantías que se relacionan a continuación:

Concepto	Nº de postos de traballo financiados	Renovación	Incremento/Novo (N)	Total asignado 2017 (R+N)	Remanente (RM)	Total asignado descontado remanente (R+N-RM)	Primeiro anticipo xa librado no 1º cuadrimestre (A)
Punto de atención á infancia	1	0,00	9.211,22	9.211,22	0	9.211,22	0,00
<b>TOTAL</b>		<b>0,00</b>	<b>9.211,22</b>	<b>9.211,22</b>	<b>0</b>	<b>9.211,22</b>	<b>0,00</b>

Total asignado: 9.211,22 €

Líquido a percibir (2º anticipo) (Total asignado descontado remanente – 1º anticipo xa librado no 1º cuadrimestre): 9.211,22 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

## 2.3.- ESCRITO DA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE (SOGAMA) RELATIVO AO CANON ANO 2018

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado do presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, con rexistro de entrada no concello co número 205 en data 31/01/2018, que comunica que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ven de publicar a Resolución do 19 de xaneiro de 2018 (DOG núm. 19 de 26 de xaneiro de 2018), pola que se fai público o importe do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos a aplicar pola Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA) para o ano 2018, fixándoo na suma de 69,00 euros. Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

## 2.4.- ESCRITO DA EMPRESA MOONOFF SOLICITANDO PERMISO PARA O CAMBIO DE LUMINARIA NAS INSTALACIÓNS DO ALUMEADO PÚBLICO

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado de D. Diego Mata Tojo, actuando en representación da empresa Moonff, S.L., con rexistro de entrada no concello co número 367 en data 22/02/2018, no que expón que Moonff retirará unidades do lote con referencia 160075 da luminaria vial Tesla 45w 4000k con referencia ST20049 para substituíla por unha luminaria das mesmas características do modelo Tesla doutro lote e solicita ao concello que se permita executar este cambio de luminaria nas instalacións de titularidade do concello.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan por unanimidade autorizar á empresa Moonff para realizar estes traballos.

## 3.- LICENZA PARA AUTORIZACIÓN DO USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA DE BOIMORTO O DÍA 3-03-2018

Vista a instancia de data 20/02/2018, rexistro de entrada no concello co número 329, subscrita por Dña. María Carmen Barreiro Nouche, DNI núm. 76515000A, con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Espiñeiro núm. 7, parroquia de Boimorto, na que solicita autorización para utilizar o salón de actos da casa de cultura o día 3 de marzo de 2018 en horario de 11:00 a 14:00 horas e das 16:00 a 18:00 horas, para realización dun obradoiro de técnica vogal pola asociación folclórica Santiaguíños.



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Autorizar o uso do salón de actos da casa de cultura a Dna. María Carmen Barreiro Nouche o día 3 de marzo de 2018 en horario de 11:00 a 14:00 horas e das 16:00 a 18:00 horas, para realización dun obradoiro de técnica vogal pola asociación folclórica Santiaguíños.

**SEGUNDO.-** Notifíquese este Decreto á solicitante.

## **4.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA CELEBRACIÓN DO 16º MEMORIAL RÁPIDO DE DORMEÁ O DÍA 4 DE AGOSTO DE 2018 ASÍ COMO: AS CADEIRAS, MESAS, 2 CONTENEDORES, VALLAS METÁLICAS E AXUDA ECONÓMICA PARA O DESEÑO DA ACTIVIDADE.**

Vista a solicitude presentada con entrada neste Concello co número 197 en data 30/01/2018, por D. José Antonio López Gómez con DNI 76503454A, en calidade de secretario da Asociación Deportiva, Gastronómica, Cultural e Ambiental Rápido de Dormeá para celebración dunha churrascada o día 4 de agosto de 2018 no lugar de Iglesia na parroquia de Dormeá con motivo do 16º "Memorial Rápido de Dormeá" así como a disponibilidad de material propiedade do Concello de cadeiras, mesas, dous contenedores para o lixo, vallas metálicas e axuda económica para o desenrolo da actividade.

En aplicación do artigo 77 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado 1372/1986 do 13 de xullo e de conformidade co disposto no artigo 37.1 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Monfes de Galicia, a Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Autorizar a D. José Antonio López Gómez para celebración dunha churrascada o día 4 de agosto de 2018 na Praza da Igrexa no lugar de Iglesia parroquia de Dormeá, debendo de responsabilizarse do bo uso e limpeza das instalacións, sen privar o uso da mesma aos demais o día 4 de agosto de 2018, así como a disponibilidad do material solicitado, dentro das disponibilidades do Concello, condicionando a autorización a:

1º.- Comprometerse a cumprir as condicións de seguridade e prevención determinadas por este Concello á hora de realizar o lume para a churrascada que se adxunta como anexo á notificación.

2º.- Os autorizados, ao rematar a churrascada, deberán deixar o espazo ocupado nas mesmas condicións de limpeza que no momento do inicio da mesma.

3º.- O Concello non se fai responsable de ningún dano que se ocasione o día da celebración da churrascada.

**SEGUNDO.-** Con respecto á axuda económica, ten toda a colaboración do concello para obter subvención doutras Administracións Públicas, xa que actualmente no orzamento de 2018 non hai crédito para a subvención solicitada.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ao interesado aos efectos oportunos e ao servizo de defensa contra incendios forestais para o seu coñecemento.

## **5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES PINTADO DE FACHADAS DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA ESTRADA DE ARZÚA Nº 5 DE BOIMORTO**

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 14 de setembro de 2018 (RE núm. 2121) coas seguintes características:



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

### Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	Hermitas Sánchez Aller
DNI:	76475428Z
Domicilio:	Rúa Estrada de Arzúa núm. 5 - Boimorto 15817 Boimorto

### Datos de obra:

Obxecto:	Pintado de fachadas de vivenda unifamiliar
Situación:	R/ Estrada de Arzúa núm. 5 - Boimorto
Referencia catastral:	1321402NH7612S0001UF
Orzamento de execución:	2.200,00 euros
Calificación urbanística:	Solo urbano coa ordenanza de edificación extensiva
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 5 de febreiro de 2018 autorizando as obras (expediente núm. 2017/1765 CNC)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 20 de febreiro de 2018.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

**Darase cumprimento á resolución do 5 de febreiro de 2018 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.**

**SEGUNDO.-** Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ella, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 2.200,00 euros



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Liquidación 2%: 44,00 €uros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. Hermitas Sánchez Aller indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

## 6.- COMUNICACIÓN PREVIA OBRA SUBSTITUCIÓN CANALÓNS NA VIVENDA UNIFAMILIAR EN LAVANDEIRA Nº 4 (ANDABAO)

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 27 de decembro de 2017 (RE núm. 3035) coas seguintes características:

### Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	Manuel Sánchez Seoane
DNI:	33237794B
Domicilio:	Lg. Lavandeira nº 4 – Andabao, Boimorto

### Datos de obra:

Obxecto:	Instalación na cuberta de canalón de aluminio lacado cor cobre, así como baixantes do mesmo material.
Situación:	Lg. Lavandeira nº 4 - Andabao
Referencia catastral:	15010A504003950001KK
Orzamento de execución:	1.385,65 €uros
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso
Autorización sectoriais:	Non é necesario
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 25 de xaneiro de 2018.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ella, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 1.385,65 €uros

Liquidación 2%: 27,71 €uros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Manuel Sánchez Seoane indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

### 7.- COMUNICACIÓN PREVIA SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN PARAVICO (ANDABAO)

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 5 de xaneiro de 2018 (RE 44) coas seguintes características:

Solicitante:	D. José Antonio Fernández Amaro, en representación de Unión Fenosa Distribución, S.A.
Domicilio de notificación:	Avenida de Arteixo, 171 - A Coruña
Actuación solicitada:	Subministro de enerxía eléctrica de 30 kW, para o cal se proxecta a ampliación de potencia do centro de transformación existente denominado Paravico con matrícula UFD 15AGD2, de 50 a 100 kVA. Ademais se proxecta unha rede soterrada (8 m) de baixa tensión en XZ1-0,6/1 kV 4 (1x50) mm <sup>2</sup> Al desde el paso aéreo soterrado proxectado a la CPM do solicitante, situada no límite da propiedade. Tamén se proxecta o reforzo da rede de baixa tensión existente (547 m), ademais dunha extensión cunha RBTA proxectada (11 m) ata o paso aéreo soterrado proxectado.
Nome do técnico redactor da memoria:	D. Miguel Ángel Bernal López, enxeñeiro industrial, colexiado ICOIIG nº 2901
Ubicación da obra:	Lg. Paravico - Andabao
Referencia catastral:	15010A50400557
Orzamento de execución:	21.864,97 €uros.
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural orixinario disperso e expansión de núcleo
Autorizacións sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 1 de febreiro de 2018)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10





## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobado en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2017, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

**Con anterioridade ao inicio das obras deberá contar coa aprobación do proxecto de execución por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria.**

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 21.864,97 €uros

Liquidación 2%:437,30 €uros.

CUARTO.- Comunicar que debe depositar unha fianza por importe de 630,21 €uros con anterioridade á data prevista de realización da obra par garantir os posibles danos que se produzan, coincidente coa valoración da obra civil e ademais a reposición do viario realizarase cos mesmos materiais que presenta na actualidade.

QUINTO.- Notificar o presente acordo a D. José Antonio Fernández Amaro indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

### **8,- COMUNICACIÓN PREVIA SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN VEEA (ÁNXELES)**

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 5 de xaneiro de 2018 (RE 43) coas seguintes características:

Solicitante:	D. José Antonio Fernández Amaro, en representación de Unión Fenosa Distribución, S.A.
Domicilio de notificación:	Avenida de Arteixo, 171 - A Coruña
Actuación solicitada:	Subministro de enerxía eléctrica de 6,9 kW, para uso terciario, para o cal se proxecta a conexión á rede de baixa tensión existente, procedente do centro de transformación 15A116 (Liñeiro Ánxeles) (Salida 01). Para realizar a conexión se deriva do condutor LC56 existente no apoio HV 400-9 existente e mediante a realización dun paso aéreo soterrado (PAS) tendese con condutor XZ1 50 ata a ubicación da CPM a instalar polo cliente no límite coa vía pública. Para a canalización do condutor realízase unha gabia de 0,2 x



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

	1 m de profundidade cunha lonxitude de 20 m, e de 0,2 x 0,8 m de profundidade, cunha lonxitude de 5 m (3 + 2 m), con tubaxe de 160 mm de diámetro.
Nome do técnico redactor da memoria:	D. Miguel Ángel Bernal López, enxeñeiro industrial, colexiado ICOIIG nº 2901
Ubicación da obra:	Lg. Vereá, 11 - Ánxeles
Referencia catastral:	15010A506001650001KS
Orzamento de execución:	1.757,30 €uros.
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural orixinario denso, afectando á estrada da Deputación DP-1001
Autorizacións sectoriais:	Resolución da Deputación Provincial de data 26 de decembro de 2017 (expediente 2017000016318)
Compatibilidade urbanística	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 1 de febreiro de 2018)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobado en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2017, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

**Con anterioridade ao inicio das obras deberá contar coa aprobación do proxecto de execución por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria.**

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 1.757,30 €uros

Liquidación 2%: 35,15 €uros.

CUARTO.- Comunicar que debe depositar unha fianza por importe de 1.227,52 €uros con anterioridade á data prevista de realización da obra par garantir os posibles danos que se produzan, coincidente coa valoración da obra civil e ademais a reposición do viario realizarase cos mesmos materiais que presenta na actualidade.

QUINTO.- Notificar o presente acordo a D. José Antonio Fernández Amaro indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.





## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

### 9.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DAS ACTIVIDADES CP-003 TALLERES CORREDOIRAS

Neste intre pasa a presidir a sesión o primeiro tenente de alcalde e retírase Dna. María Jesús Novo Gómez debido ao conflito de interese que supón o parantesco co solicitante.

Visto o expediente incoado por D. Félix Lamas Boado, con DNI 44813698S de cambio de titularidade que figura a nome de D. Luís Vázquez Quintela, a licenza dun taller mecánico, denominado "Talleres Corredoiras", sita no lugar de Corredoiras nº 2, da parroquia de Ánxeles, así como a documentación aportada.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Tomar razón do cambio de titularidade da licenza de actividade de taller mecánico "Talleres Corredoiras", sito no lugar de Corredoiras nº 2, da parroquia de Ánxeles.

**SEGUNDO.-** En consecuencia, que conste a favor de Félix Lamas Boado o cambio de titularidade da Licenza de actividade coas mesmas características que a licenza orixinaria; e sen prexuízo das restantes autorizacións que no seu caso lle corresponda outorgara outros organismos públicos. Do mesmo xeito, o cambio de titularidade outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**TERCEIRO.-** Que polos servizos técnicos urbanísticos se realice visita de comprobación do cumprimento de medidas correctoras aplicables a dita actividade e se informe a esta Xunta de Goberno Local.

**CUARTO.-** Notificar tanto ao transmitente como ao adquirente o presente acordo.

**QUINTO.-** Remitir unha certificación deste acordo a Unidade de Policía Nacional adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.

Retoma a presidencia Dna. María Jesús Novo Gómez.

### 10.- COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DAS ACTIVIDADES ESTACIÓN DE SERVIZO NO LUGAR DE CORREDOIRAS (ÁNXELES)

Visto o expediente incoado por Dna. María Victoria López Díaz, con DNI 47372556P actuando en representación da sociedade Gasocorredoiras, S.L. CIF B70521448 de cambio de titularidade que figura a nome de D. Juan López Sánchez, a licenza da estación de servizo, denominada "Gasolinera de Corredoiras", sita no lugar de Corredoiras nº 16, pertencente á parroquia de Ánxeles, así como a documentación aportada, con rexistro de entrada número 206 en data 1/02/2018.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Tomar razón do cambio de titularidade da licenza de actividade de estación de servizo denominada "Gasolinera de Corredoiras", sita no lugar de Corredoiras nº 13 da parroquia de Ánxeles.

**SEGUNDO.-** En consecuencia, que conste a favor de GASOCORREDOIRAS, S.L. o cambio de titularidade da Licenza de actividade coas mesmas características que a licenza orixinaria; e sen prexuízo das restantes autorizacións que no seu caso lle corresponda outorgara outros



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

organismos públicos. Do mesmo xeito, o cambio de titularidade outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

TERCEIRO.- Que polos servizos técnicos urbanísticos se realice visita de comprobación do cumprimento de medidas correctoras aplicables a dita actividade e se informe a esta Xunta de Goberno Local.

CUARTO.- Notificar tanto ao transmitinte como ao adquirinte o presente acordo.

## 11.- SOLICITUDES SERVIZO DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA

Visto o informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizos Sociais

INFORME EMITIDO POR: María Esther Vidal Pandelo

DATA DO INFORME: 21/02/2018

DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia e podoloxía as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- MARÍA LOURDES BARREIRO ANDRADE (R.E. 320 data 19/02/2018) - **FISIOTERAPIA - PODOLOXÍA**

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade.
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

2.- JESÚS ANTONIO MOREIRA GARCÍA (R.E. 321 data 19/02/2018) – **PODOLOXÍA -**

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade.
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

3.- MERCEDES GARCÍA LABANDEIRA (R.E. 322 data 19/02/2018) – **PODOLOXÍA -**

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade.
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

### c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta de Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDOU:

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuario do servizo de fisioterapia a María Lourdes Barreiro Andrade e no servizo de podoloxía a Jesús Antonio Moreira García, Mercedes García Labandeira e María Lourdes Barreiro Andrade.

SEGUNDO.- Notificar os/ás beneficiarios/as deste servizo que ten a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de xaneiro, febreiro e marzo de 2018. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de fisioterapia e podoloxía.

### 12.- MODIFICACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO PRESENTE MES DE FEBREIRO 2018

Pola secretaria dáse conta do informe emitido pola traballadora social, Dna. María Esther Vidal Pandelo de 21/02/2018 en relación coas modificacións producidas no servizo de axuda no fogar no período comprendido entre o 24/01/2018 e o 21/02/2018 e que se transcribe literalmente:

<<María Esther Vidal Pandelo, traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do Concello de Boimorto, nº de colexiada 1397

#### INFORMO:

1º.- Que se iniciou o servizo de axuda no fogar por libre concorrencia nos domicilios de: María Lodeiro Pintor por un total de dúas horas semanais (o día 6 de febreiro de 2018) de María Vila Platas con un total de 3 horas semanais (5 de febreiro de 2018) e no domicilio de Manuel Casal Espiñeira (5 de febreiro de 2018) con un total de 2 horas semanais.

2º.- Que a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar por libre concorrencia queda tal e como se transcribe literalmente no mes de febreiro:

CRITERIOS DE VALORACIÓN					
USUARIOS DE SAF LIBRE CONCORRECIA	Autonomía persoal	Apoio social	Situación familiar/ socialiación de menores	Outros aspectos sociais	Total puntuación
Ascensión Fandiño López Rúa Castro, Corredoiras, Os Anxeles, Boimorto	30 puntos	9 puntos	0 puntos	4 puntos	43 puntos
Josefa Ansede López Lg. Fontiñas (As), 2 , Andabao, Boimorto	32 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	44 puntos
Dolores Novo Giao Lg. Canto do Balo, Arceo, Boimorto	32 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	39 puntos
María Lodeiro Pintor Lg Zaín, Rodieiros, Boimorto	20 puntos	18 puntos	0 puntos	1 puntos	39 puntos
María Vila Platas Lg Piñeiro, Cardeiro, Boimorto	30 puntos	3 puntos	0 puntos	2 puntos	35 puntos
Manuel Casal Espiñeira Lg Arosa, Arceo, Boimorto	30 puntos	5 puntos	0 puntos	0 puntos	35 puntos



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Dolores Seoane Seoane Lg Arosa, Arceo, Boimorto	34 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	35 puntos
Concepción Graña Sánchez Lg Ponte Boado, Arceo	20 puntos	6 puntos	3 puntos	4 puntos	33 puntos
Antonio Gómez León Lg Quiñoy- Rodieiros, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	4 puntos	32 puntos
Lucía Esther Mejuto García Lg Algalia, Dormeá	24 puntos	6 puntos	0 puntos	2 puntos	32 puntos
Benigno López Vázquez Lg Viladóniga, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	0 puntos	28 puntos
Mercedes Ramos Castro Rúa Gándara, Boimorto	24 puntos	3 puntos	0 puntos	1 punto	28 puntos
Ramona García Piñeiro Lg Torre, Andabao, Boimorto	20 puntos	3 puntos	0 puntos	1 puntos	24 puntos
Faustino Rico Rey Lg Outeiro, Boimorto	20 puntos	3 puntos	0 puntos	0 puntos	23 puntos
M <sup>a</sup> Josefa Mejuto Taboada Lg Arentía, Andabao, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	4 puntos	20 puntos
Concepción Peteiro Balado Lg Aquelavila, Buazo, Boimorto	10 puntos	3 puntos	0 puntos	5 puntos	18 puntos
Gumersinda Castro Souto Lg Outeiro, Boimorto	5 puntos	9 puntos	0 puntos	4 puntos	18 puntos
M <sup>a</sup> del Carmen Rúa Rodríguez Lg Outeiro, Corneda, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	12 puntos

